

Babel

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2007

■ A República hoxe ■ O macizo de Trevinca comp parque natural ■ Qué República? ■ A persistencia da memoria ■ La miss y mi abuelo ■ Urbanismo: pequena achega ■ República, escuela ■ Un mestre no recordo ■ Deconstruíndo a Freud ■ Recencións ■ Un dos nosos: Manuel Blanco Pascual ■ Compromiso e verdade



A República hoxe



O constituírnos como Ateneo en torno a idea republicana temos que recordar especialmente ós nosos predecesores na defensa dunha articulación do Estado baseada nos principios do federalismo, da igualdade, da elixibilidade, e da responsabilidade. No noso futuro traballo non nos queremos esquecer dos que contribuíron a propagación dos principios republicanos. Cómo poderíamos prescindir entre outras das traxectorias vitais dun Telesforo Ojea ou dun Santiago Álvarez. Cómo poderíamos deixar a un lado a tódolos que acadaron pagando un alto prezo persoal por elo: ós que soamente puideren fuxir deixando a súa casa e familia para acadar no exilio ou nos campos de exterminio, ós mais de douscentos valdeorreses que foron asasinados, ós que lle plantaron cara cas armas o fascismo nas aldeas e serras da comarca no más absoluto dos silencios.

A historia non se move para atrás. Por elo é importante artellar un futuro no que nos sintamos orgullosos dunha comarca con unha larga tradición progresista. Os valores da Segunda República que transformaron a España do seu tempo seguen aínda plenamente vixentes e en certos aspectos seguen a ser anxeios de demócratas. En efecto, en un quinquenio, trouxo a liberdade, a educación para todos, o laicismo, o progreso, a cultura e novas formas de relación social, unha lexislación avanzada no mundo do traballo, a equiparación da muller, a liberdade de cultos, a reforma agraria, os estatutos de autonomía, etc., que conseguiron dinamizar una sociedade enferma de caciquismo e moribunda de conservadorismo. Na súa conquista e na súa posterior defensa durante 46 anos xogaron un papel decisivo os traballadores, os labregos, e as capas progresistas da pequena burguesía, agrupados tras as concrecións ideolóxicas de socialistas, anarquistas, republicanos, comunistas, e nacionalistas.

Pero a altura da primeira década do século XXI non podemos volver a repetir miméticamente o 14 de abril de 1931. O que podemos é recuperar a esperanza e os ideais que entón invadiron ós valdeorreses da época. Para elo é necesario construír o futuro sen enterrar o pasado e sen situar no mesmo nivel ós que padeceron as agresións, cos que as fixeron ou cos beneficiarios delas.

Queremos un sistema político onde o auténtico protagonista sexa o pobo. Un pobo dono do seu destino e que soamente pode darlle a República.

Nese empeño estamos.

O MACIZO DE TREVINCA COMO PARQUE NATURAL

Lolo Gómez Segura

Dende hai unhas tres longos anos o Club de montaña de Pena Trevinca-Barco ven loitando pola consecución da declaración como Parque Natural do Macizo de Trevinca nas montañas orientais da provincia de Ourense. Cando se estaba a celebrar o sesenta aniversario da fundación do Club lanzouse a idea da necesidade de protección sobre a zona. Sen facer ruido e exentos de maximalismos, prantexouse a idea como necesaria fronte os destrozos continuos que estaba a sufrir a serra por mor do avance inexorable das explotacións de pizarra na zona e por os "avisos" de instalación doutro tipo de industrias, tamén "agresivas" sobre o terrero do Macizo, como eran e son os parques eólicos.

Estos cumes son un gran descoñecido no ámbito do turismo de montaña na Península, xa que ata fai pouco era máis ben nula, a promoción desta paisaxe singular dentro dos circuitos habituales do montañismo.

Son as maiores alturas de Galicia, e curiosamente as máximas autoridades desta Comunidade non teñen ata o de agora establecida ningunha figura de protección sobre a zona, e eso que estamos a falar dunha zona de continuidade xeográfica igualitaria ca do Parque Natural de Sanabria, na veciña Zamora, onde si se dá unha protección regulada por lei dende o ano 1990 e baixo a figura de Parque Natural. Esta medida contribuíu ó relanzamento da economía da comarca sanabresa.

Extensas superficies de terreo sin poboación e cunha altitude media que supera os 1.600 metros, fixeron difícil os asentamentos humanos, especialmente nas provincias de Ourense e León. Nembregantes resulta curioso ver en calquera publicación actual que se refira ó Parque Natural de Sanabria e que non fale maravillas dos picos do macizo de Trevinca: Pena Negra, Pena Survia, Trevinca Norde...e fale deles como integrados nun só sistema. O mesmo sucede cando esas publicacións estudan as características dos lagos de Ocelo, da Serpe, e do bosque do Teixadal, auténtica xoia botánica en Europa, e o fan como si estiveran integradas na zona de protección do Parque de Sanabria, e un sente rabea do desprotexidos, que ata o de agora, estamos na provincia de Ourense máis cando se trata da mesma paisaxe, das mesmas cumes, pero ollando dende o outro lado da fronteira provincial.

Nun principio a zona de Trevinca ata unhas 25.000 Ha foron incluídas dentro da Rede Natura Europea 2000 por medio da figura de LIC (Lugar de Interés Comunitario). Este espazo experimentou unha ampliación ata as 80.000 Ha, medida que foi maiormente recurrida polos grupos empresariais da comarca, en especial as pizarreiras que conseguiron a retirada da proposta por parte da Xunta de Galicia. Esta Comunidade segue a ser a derradeira do Estado en extensión protexida, e as novas autoridades parecen ter sensibilidades máis conservacionistas cas anteriores.

Recentes declaracións de Pachi Vázquez, do PSOE,

conselleiro de Medio Ambiente, e de Benito Rezo, director xeral de Naturaza da Xunta de Galicia, sobre a necesidade de ampliar os parques naturais da Comunidade, incluíndo o Courel, os Ancares e Trevinca, fan concebir esperanzas.

De suma importancia é a conservación do sistema de lagoas excepcionales que mantén o Macizo, de gran relevancia na Península, despois dos Pirineos. Con abundancia de tundra subalpina sendo ésta a máis septentrional de Europa. Refuxio das únicas parellas de aguia real en Galicia. E o que é un dos motivos máis importantes para conquistar unha urxente protección: o bosque do Teixadal, de orixen Terciario, cunha masa de máis de 400 árbores da especie "taxus baccata" e que están ahí sen intervención humana de ningún tipo. En definitiva trátase dos cumes máis altos da Comunidade e que carecen de calquera protección a diferenza do resto das comunidades de España.



Trevinca atópase ubicado xeograficamente entre as provincias de León, Ourense e Zamora, e dentro de Galicia sitúase nos concellos de Carballeda de Valdeorras e no da Veiga do Bolo. As autoridades municipais respectivas teñen concepcións diferentes sobre o futuro da zona. Así mentras na Veiga apostan por un desenvolvemento pensando no turismo rural, baseado nun principio nunha estación de esquí, no de Carballeda non teñen tan claras as cousas, porque mentras, este concello mantén industrias extractivas de pizarra preto dos mesmos cumes de Trevinca edifica e cede en alugar un macrohotel en Fonte da Cova, na mesma zona, para desenvolvemento de actividades de contacto ca natureza. E para rematar nunha tremenda contradicción, Carballeda aposta polos parques eólicos que está a tramitar o actual conselleiro de Industria da Xunta de Galicia Fernando Blanco, do BNG.

A empresa Hidroeléctrica Galaico Portuguesa, S.A., participada pola propia Xunta de Galicia, ven de conquistar autorización administrativa da Xunta para a instalación dun parque eólico de 15,2 MW na serra do Eixe, que é como dicir Trevinca.

Dicen que non afecta a Rede Natura 2000, pero a instalación achégase ó Pico Maluro e linda cos pobos de Vilanova da Serra e de Ricosende, que están en Trevinca. É certo que o parque eólico proxectado non

está dentro dos límites do futuro e desexado Parque Natural de Trevinca, pero si que linda con él e afecta de cheo a outra zona dentro do entorno do que estamos a falar, e que é a zona ZEPA (Zona de Especial Protección de Aves), contemplada polos organismos da Unión Europea e que é moito máis ampla cas 25.000 Ha projectadas como Parque Natural.

Habería que preguntarse por qué é Galicia a comunidade en España de maior produción de enerxía eólica. E curiosamente están no furgón de cola de produción desta enerxía "alternativa" as comunidades máis ricas: Baleares, Euskadi, Cataluña, Valencia... Sóname esto coma a historia do eucalipto na década dos sesenta, setenta e oitenta en Galicia. Seguimos a ser terceiro mundo abastecedor de materia prima para as zonas máis desenroladas. Por qué non se estuda a instalación de parques eólicos mariños, que si ben é máis costosa a súa montaxe, producen un 30% máis de enerxía que os terrestres? En fin, o debate eólico é interesante pero para tratar máis en profundidade noutro artigo.

Interésame sobre todo Trevinca e a xente, en especial os veciños dos municipios afectados. Por unha banda o Concello de A Veiga que aposta por fixar a su reducida poboación nas ladeiras destes cumes dende unha perspectiva de desenrolo turístico, pero que deberían deixar de lado a idea dunha estación de esquí (véxase hoxe o cambio climático), e por outra o Concello de Carballeda que a pesares da súa potente industria pizarreira está tamén a perder habitantes de forma acelerada. Os políticos de ambos Concellos terán que ser máis imaxinativos, botar unha ollada o seu redor e tomar algunhos exemplos, como Sanabria, para sacar as súas conclusións.

QUÉ REPÚBLICA?

Gonzalo José Carracedo

España, ano 1931. Todo o país está cansado da Restauración Borbónica, o sistema non é capaz de recuperarse, é anacrónico e precísanse solucións rápidas e efectivas. Juan Bautista Aznar convoca eleccións, concedendo un amplo éxito por voto urbano ás candidaturas republicanas. Ábrese así un proceso de intensa reforma, no que se procuraba un sistema republicano parlamentario, un saneado sistema electoral, poñer fin ao caciquismo, solucionar a cuestión foral e levar a cabo unha profunda reforma agraria...

Ano 2007. Hai trinta anos iniciouse un proceso de transición democrática que ata hoxe presenta moitas deficiencias, e aparecen novos problemas: a crise da vivenda, corrupción urbanística, ETA, parlamentarismo pouco (nada) serio, onde o discurso político queda reducido a pueril verborrea... e dentro do sector da sociedade que se considera republicano existe un xigantesco conxunto que segue a pensar nos problemas dos anos trinta: da ameaza do fascismo internacional, na loita de clases...; xente que pensa que a mentalidade republicana consiste na pervivencia das vellas intencións da II República.

A II República rematou non no ano 1939; senón no ano 1977, dunha forma legal e democrática. O goberno

do exilio, presidido por José Maldonado e sendo Fernando Valera presidente do consello de ministros, emite a "Declaración de la Presidencia y del Gobierno de la República Española en el Exilio", na que se remata declarado que: «Las Instituciones de la República en el exilio ponen así término a la misión histórica que se habían impuesto. Y quienes las han mantenido hasta hoy, se sienten satisfechos porque tienen la convicción de haber cumplido con su deber.»

En resumo: fin pacífico da II República. As súas intencións foron relevadas pola monarquía que até agora seguimos mantendo, que amosan uns problemas que nada teñen que ver coa II República.

Aquí é onde sae a relucir o problema do republicanismo español. Moitos republicanos seguen a manter a anacrónica mentalidade de comezos de século, que co paso do tempo vólvese máis e máis absurda por dúas razóns. Primeira: a de non aceptar que a II República decidiu deixar de existir por ela mesma, e segunda: esta actitude está comezando a arrastrar unha serie de tópicos herdanza da loita antifranquista completamente fóra de lugar (con isto refírome a esa tendencia a aglotinar a todo aquilo considerado contrario á - por sorte - xa finada ditadura franquista, quedando unha mestura de novo absurda e incompatible cunha nula incapacidade de ofrecer solucións aos novos problemas). Estamos nunha (case) democracia, non o esquezamos. Non estamos nin na Restauración, nin na II República, nin na ditadura de Franco.

O republicanismo, hoxe por hoxe, está basicamente sustentado polos febles pilares da nostalxia, da repulsa á ditadura, e da confianza cega. Estes pilares intentan dar sentido ás vellas metas da II República en pleno século XXI e isto é unha causa non inalcanzable, senón improductiva e pouco práctica. Obviamente existen excepcións, pero case todas elas están recluídas en círculos elitistas pouco interesados na praxe dos valores republicanos. E todo isto fai que non exista unha alternativa republicana actual ou máis ou menos aceptada pola xente, e que o abismo entre realidade política e republicanismo fágase máis e máis fondo cada día.

Que cómpre facer entón? Romper definitivamente co vello, pero sen deixar de telo en conta: está claro que hai certos asuntos pendentes e incuestionables, como o da Memoria Histórica, que debería ser un dereito contemplado desde o amplo campo da democracia e non na loita política como está a pasar hoxe en día, pero non podemos quedarnos ancorados no pasado. Os tempos cambian, desaparecen unos problemas e aparecen outros novos. Por iso, debería iniciarse un debate que defina todos os problemas que motiven o avance cara o sistema republicano (así coma a análise das carencias democráticas que poderían arranxarse coa república); e a partires del, comezar a discutir qué organización seguiría a República para una mellor solución dos devanditos problemas; qué facer para romper coa vella idea da República que o franquismo tentou meternos na cabeza; cómo debería facerse unha transición republicana... en resumo: deixar pasar á historia o que é historia e non buscar á República pola República, senón coma un medio de garantir liberdades, dereitos e deberes... Reivindica-la república, en definitiva, pero con razóns de peso para elo.



O un de outubro de 2006 cumpriuse o 75 aniversario da aprobación do artigo 36 da Constitución republicana que recollía por primeira vez o dereito ao voto da muller. Plasmábase nun sinxelo redactado: *"los ciudadanos de uno y otro sexo, mayores de 23 años, tendrán los mismos derechos electorales conforme dictaminen las leyes"*.

O debate no Congreso dos deputados deste artigo foi un dos máis importantes do século, sendo un dos principais avances de dereitos que herdamos da IIª República. Non podemos esquecer que en países con larga tradición democrática como Francia, Canada ou Suíza, as mulleres non puideron votar até 1945, 1948, e 1971, respectivamente.

O dereito da muller ao voto foi unha cuestión polémica antes de se debater no Parlamento. Foron tres os intentos durante o primeiro tercio do século XX: en 1908 solicitouse o voto administrativo para as mulleres emancipadas, maiores de idade e cabeza de familia; durante a Dictadura de Primo de Rivera por decreto de 12 de abril de 1924 concédeselle o voto nas eleccións municipais ás mulleres solteiras ou viúvas maiores de idade, excluindo as casadas *"ya que podrían ejercerlo contra sus maridos"*; posteriormente durante a IIª República, o 8 de maio de 1931, un decreto do goberno provisional modifica a normativa electoral anterior recoñecendo o sufraxio pasivo para as mulleres, declarando elixíbeis ás maiores de 23 anos.

O 30 de setembro de 1931 comezaba no Parlamento español un largo e agreo debate sobre a concesión do voto ás mulleres. A polémica tiña dúas consideracións importantísimas: unha ideolóxica, negar o voto ás mulleres era antidemocrático e contrario ás bases que fundamentaban o nacente sistema político; a outra era de oportunidade política, nese momento histórico considerábase contraproducente e perigoso para a incipiente República, entre outras razóns pola influencia que tiña a Igrexa nos ambientes femininos, e o desexosa que esta estaba de vinganza xa que días atrás, concretamente no mes de agosto era aprobado o artigo 26 no que quedaba clara a separación de igrexa-estado, ademais do artigo 3º que declaraba aconfesional o Estado.

Estas posicións enfrontadas foron defendidas por dúas valiosísimas mulleres: Clara Campoamor e Victoria Kent. Non podemos esquecer que nas eleccións a deputados da IIª República, de 28 de xuño de 1931, dos 470 escanos das Cortes, tan só dous estaban ocupados por mulleres: Clara Campoamor do Partido

A PERSISTENCIA DA MEMORIA

Radical Republicano e Victoria Kent do Partido Radical-Socialista. En decembro de ese mesmo ano incorpórase como deputada Margarita Nelken do Partido Socialista Obrero Español. Foi esta última a única muller deputada nas tres lexislaturas da República.

Clara Campoamor, nacida en Madrid o 12 de febreiro de 1888, nunha familia humilde, o pai era contable en un periódico madrileño e a súa nai era modista, profesión que ela mesma exercería cando queda orfa de pai a corta idade. Despois de traballar en diferentes oficios, iniciou a carreira de avogado pasados os trinta anos. Ós 36 anos licenciouse en dereito e levou a defensa de casos de divorcios tan celebres naquela época como o da escritora Concha Espina e o seu marido Ramón de la Serna, ou o de Josefina Blanco e Ramón del Valle-Inclán. Amais de deputada ás Cortes polo Partido Radical foi membro da Comisión Constitucional. Experiencias que conta na súa autobiografía *"Mi pecado mortal: el voto femenino y yo"*. En 1936 deixou o Partido Radical, e tras a Guerra Civil exiliouse en Lausana, Suíza, onde morreu en 1972.

Defendeu o sufraxio feminino practicamente en solitario. De ideas claramente republicanas e líder do movemento feminista en España estaba convencida que o único xeito de madurar politicamente das mulleres era tendo un dereito tan fundamental como é o dereito ao voto. Temos que considerala como a única sufraxista española, xa que no noso país a loita polo voto non foi o resultado da presión dende o movemento feminista, senón que foi o enfrontamento sobre a oportunidade política que levaron a cabo dúas mulleres: Clara Campoamor e Victoria Kent.

Clara Campoamor foi a deputada que máis intervencións fixo nas Cortes Constituintes. Non faltou a ningún debate que tivera algunha referencia á muller, reivindicando sempre os seus dereitos: lei do divorcio; inscrición como lexítimos os fillos e fillas que se tivesen fora do matrimonio; reforma do Código Penal; investigación da paternidade; admisión das mulleres en certas carreiras e profesións; etc. A defensa continuada da muller creoulle animadversión nunha boa parte da sociedade española. Tamén entre os seus compañeiros de partido que a excluíron das posteriores listas electorais. Anos máis tarde Manuel Azaña, o home que encarnou a República, nas súas Memorias escribirla: *"la Campoamor es más lista y más elocuente que la Kent, pero también más antipática"*.

No debate polo dereito ao voto tivo enfronte a Victoria Kent, natural de Málaga. Licenciada en dereito pola Universidade de Madrid. Foi a primeira muller do mundo que interveu ante un Tribunal Supremo, defen-

dendo o líder socialista Álvaro de Albornoz no ano 1930. Nas Cortes argumentou a inoportunidade, na situación política do momento, de outorgarlle o voto ás mulleres, xa que pensaba que non estaban preparadas para exercer ese dereito e sería un mal para a recién nacida República.

No seu discurso no Congreso explicou: *"Señores diputados, se discute en este momento el voto femenino y es significativo que una mujer como yo se levante en la tarde de hoy a decir a la Cámara sencillamente que creo que el voto femenino debe aplazarse. Que creo que no es el momento de otorgarle el voto a la mujer española. Lo dice una mujer que en el momento crítico de decirlo, renuncia a un ideal (...) Creo que con ello sirvo a la República (...) Es cuestión de oportunidad para la República (...) Si las mujeres españolas fuesen todas obreras, si las mujeres españolas hubiesen atravesado el período universitario y estuviesen liberadas en su conciencia, yo me levantaría hoy frente a toda la Cámara para pedir el voto femenino (...) Es por esto por lo que claramente me levanto a decir a la Cámara: o la condicionalidad del voto o su apazamiento (...) Hoy, señores diputados, es peligroso conceder el voto a la mujer"*.

Ante esta intervención Clara Campoamor respondeu: *"Señores diputados, lejos yo de censurar ni atacar las manifestaciones de mi colega, señorita Kent; comprendo, por el contrario, la tortura de su espíritu al haberse visto hoy en el trance de negar la capacidad inicial de la mujer (...) Al hablar de las mujeres obreras y universitarias ¿se va a ignorar a todas las que no pertenecen a una clase ni a otra? ¿No sufren éstas como las otras las consecuencias de la legislación? ¿No recae sobre ellas toda la consecuencia de la legislación que se elabora aquí para los dos sexos, pero solamente dirigida y matizada por uno? ¿Cómo puede decirse que la mujer no ha luchado y que necesita una época, largos años de República, para demostrar su capacidad? (...) Yo señores diputados, me siento ciudadana antes que mujer y considero que sería un error político dejar a la mujer al margen de ese derecho, a la mujer que espera y confía en vosotros (...) No cometáis, señores diputados, ese error político de gravísimas consecuencias (...) No cometáis un error histórico que no tendréis nunca bastante tiempo para llorar al dejar al margen de la República a la mujer"*.

O final o artigo discutido foi aprobado por unha diferenza de 40 votos. Votaron a favor 161 deputados, en contra 121, e ausentáronse no momento da votación 188. Os votos afirmativos saíron das filas do Partido Socialista, Partido Agrario, e os republicanos conservadores. En contra a maioría do Partido Radical (agás Campoamor e catro compañeiros), Acción Republicana, e os Radical-Socialistas, que previamente acolléronse ós argumentos biolóxicos da inferioridade da muller esgrimidos polo deputado galego doutor Roberto Novoa Santos. Entre os ausentes atopábanse figuras tan destacadas do socialismo como Indalecio Prieto, quen berrou que a súa aprobación era unha *"puñalada trapeira para la República"*.

De esta forma a IIª República, no artigo 36 da Constitución, iguala a muller co home nun dereito democrático tan elemental como é o de elixir e ser elixido.

Esta igualdade pronto quedará en papel mollado tras a guerra civil e a implantación da dictadura franquista, pero non só se perderon as conquistas das mulleres. Tamén as liberdades democráticas e os dereitos individuais e colectivos quedaron truncados até a morte do dictador. Non foi até 1978, xa morto Franco, cá legalización dos partidos políticos cando sairá a luz o traballo feito na clandestinidade polos colectivos sociais e feministas retomando, ou empezando de novo, as reivindicacións de dereitos anteriormente conseguidos e arrebatados pola forza, como por exemplo a lei de divorcio da Constitución actual, aprobada en 1980 durante o mandato de Adolfo Suárez, cos votos en contra do que hoxe é Partido Popular. **C. D.**

LA "MISS" Y MI ABUELO

Eloy Rodríguez López

La de la foto es Teresita Daniel, "Miss República, 1932". La causa por la que está dedicada a mi abuelo materno, Ángel López, y a su familia me es desconocida. Como muchas otras cosas las respuestas se han ido y es que hasta hace muy poco las preguntas venían dadas y algo tan actual como la IIª República era "secreto de estado". Contra el olvido y el silencio el peso de la sociedad avanza, a pesar de la decretada amnesia.

Podría divagar con la idea de que esta "miss bienio progresista" era catalana, y dada la coincidencia, ahondar en el Estatut, en Maciá, en los artículos de Josep Pla, en establecer paralelismos con la actualidad. El largo y tortuoso camino que visionaba el moribundo Azaña y que nos llevaba inexorablemente al mismo resultado: la conquista ciudadana, por cierto, aún relegada o amordazada por los enemigos de siempre y sus variantes.

Mas aprovechando el desatino de un concurso de belleza me voy a centrar un poco en el ambiente de la época y de paso también hablarles del papel de la mujer.

Lo cierto es que Teresita, perdonen el diminutivo pero así la citan en todas las fuentes, luce en la foto, unos brazos al descubierto y un vestido, al gusto de la época, que a duras penas cumplirían con las normas concretas de modestia femenina que le aguardaban, como a todas las de su genero, en unos años. En aquel año de 1932, el más fecundo de Manuel Azaña, su gobierno desplegó de forma rápida y con intensidad diversa, toda una batería normativa que apostaba por la libertad, por la autonomía personal y por la justicia social para con sus ciudadanos/as. Así, en poco tiempo se respiró en España una modernidad y euforia propias de un país que, siendo tan clerical veía, como su gobierno desplazaba la tutela de la Iglesia católica, además de abordar los problemas más acuciantes: el analfabetismo endémico (12

millones); la reestructuración del Ejército y de la Guardia Civil; o la reforma agraria. Y por primera vez en la historia de esta nación a la mujer se la dotó de igualdad, reconocimiento social, voz e identidad propia.



Y seguimos, en la actualidad, con la misma intolerancia en defensa de la familia y otras zarandajas. Al igual que se criticó en 1932 la ley del divorcio por parte de sectores clericales hoy en día, el Sr. Camino, su portavoz, alzacuellos en ristre, llama a la objeción de conciencia para que no se imparta la asignatura de educación ciudadana. También la Guardia Civil, sigue en el organigrama militar, mientras que durante la IIª República dependía del ministerio de Gobernación.

Perdonen el desliz. Como ya les dije, el silencio en la historia tiene su causa. Volviendo al 32, "sanjurjadas" aparte, las crónicas de sociedad de la época sorprenden por su modernidad y porque la mujer empezó a ser protagonista. Fue en aquel año cuando comenzaron a

proliferar las piscinas públicas; la moda de vestir trajes de baño parecidos a los actuales, pantaloncito con sujetador; se legisló en contra de la prostitución, el abolicionismo era entonces de izquierdas; fue el año de la expansión del cine en España, por cierto triunfaban el "gordo y el flaco", Buster Keaton, la momia de Boris Karloff, King Kong ...; también el erotismo; el nudismo, como hoy muy activo en Cataluña; los "music halls"; el jazz; los más diversos lugares de ocio y gastronomía. En definitiva, pese a Hitler y demás jefes, jefes, jefes, la alegría de vivir del continente.

Lean sobre esa época a Juan Marsé o las vivencias de Pablo Neruda, quien estuvo durante esos años en España, y verán. Y lo nunca visto, la mujer aparece en la prensa gráfica: pilotando aviones, de médica, de farmacéutica, de abogada. Las primeras colegiadas en las Cortes: la Kent y la Campoamor. Era la consecuencia lógica de la reforma laboral emprendida por la República, que legisló a favor del derecho del trabajo de la mujer, de su emancipación económica. No nos olvidemos que con la República fue la primera vez que la mujer pudo acceder a empleos o cargos públicos. Así, junto con la abuela con devocionario, aparecen las "otras" mujeres. La consolidación del feminismo moderno, que fue muy activo durante la guerra: "mujeres antifascistas" por el lado comunista, y "mujeres libres" por la CNT. Asimismo durante la guerra se aprobó la regulación del aborto.

Pero después, Teresita, vino Franco a poner orden, anulando derechos en beneficio del interés superior, la Patria. A repartir el botín. A limitar hasta la asfixia la capacidad de sus súbditos. No les digo nada sobre el sexto mandamiento.

La Iglesia volvió por sus fueros, con el chollo de la educación. Básicamente implementando la culpa, tutelando a la sociedad española, y de paso educando a las españolas con la ayuda de la Sección Femenina: en hogar y en economía doméstica.

Se acabó la emancipación. Y en cuanto a la movida franquista que les voy a contar: romerías a espuestas, folclore rancio y poco más. Frente a la modernidad republicana, la mujer fue considerada una enajenada mental, en minoría de edad permanente, confinada en el hogar, marginada por la ley: para heredar, para firmar contratos, para administrar su patrimonio. *La perfecta casada*, de Fray Luis de León, pasó a ser un regalo habitual en las bodas.

Para finalizar una curiosidad: Ángela Bustillo, "Miss Cantabria, 2007", acaba de ser desposeída de su título al saberse su condición de madre. Saquen sus conclusiones. Yo, por mi parte, aboliría el concurso, pero primero que le restituyan el honor a la chica. Por justicia.

URBANISMO: PEQUENA ACHEGA

Pedro Barbadá

A retórica dos líderes políticos de hoxe non serve a construción nin a conservación. O seu propósito é desmantelar. Desmantelar o que herdamos do pasado, social, económica e eticamente e, no particular, toda-las asociacións, normas e mecanismos que expresen a solidariedade.

John Berger, *Wall and Bulldozer*, 2006.

O actual urbanismo en Galicia enmarcase nunha lei do ano 2002 promulgada por un dos gobernos dereitosos de Manuel Fraga que manifestaba ter como finalidade a súa ordenación e a protección do medio rural. Desenrolaba certos aspectos, transferidos a Galicia, xa apuntados pola estatal "Ley del Suelo", que é unha pesada carga da etapa de Álvarez Cascos, ministro de Fomento, perante os gobernos de José María Aznar.

A nivel local a lei impuxo ós concellos, tanto ós que xa dispoñían de el como a ós que non, a redacción e articulación de Planos Xerais de Ordenación Municipais (PXOM), ca finalidade de planificar o crecemento urbanístico.

O concello de O Barco creou una comisión redactora, composta por concelleiros do goberno municipal bipartito PSOE-BNG, que asesorada por una empresa especializada Idosa, presentou un novo Plano a finais do ano 2002. Tras sometelo ó preceptivo período de alegacións públicas e facer chamamentos xenéricos a participación dos veciños, atendeuse de maneira especial a patronal valdeorresa (AEVA) e ós constructores, cos que fixéronse reunións específicas, para explicarlles a "marabilla" dos convenios como mecanismo de actuación. Tras dunha destas reunións o responsable da área da construción da AEVA declarou que a ampliación urbanística que estíbese a efectuar "abarataría os custos". Referíase os seus custos sobre o chan non, como xa sabemos transcorridos catro anos, os do produto final: a vivenda.

Tamén perante a redacción do Plano o concello lanzou mensaxes a empresa CEDIE ca intención de explicarlle as bondades dos convenios de recalificación urbanística. Parece que algún estaba moi interesado en transformar o solo industrial, que nos anos coirenta arrebatóuselle os veciños das parroquias de Xagoaza e Veigamuiños, en solo urbano. (*La Voz de Galicia*, 04/04/2001).

Para o resto dos afectados a participación consistiu en pasar a ver paneis e mapas topográficos, máis pequenas explicacións a preguntas sobre intereses particulares. Tras acadar este trámite deu a impresión de que entre o que quería facer, os motivos co xustificaban, os argumentos esgrimidos, e a enerxía posta para levalo adiante, non gardaban relación. Finalmente o Plano aprobouse nun pleno a mediados do 2003, cos votos favorables dos concelleiros do PSOE e do BNG. Nel o alcalde manifestou que a súa intención fora que

as fincas dos veciños acadasen o maior valor e que se frease a escalada dos precios da vivenda dos derradeiros anos. (En fin o invento da cadratura do círculo). Os do PP, votaron en contra, manifestando que estaban totalmente de acordo co Plano pero non co procedemento da redacción. Por último os do BNG valoráronno con un proieto "progresista". Finalizado o trámite a Xunta de Galicia deulle o visto bo definitivo en xuño do 2003. Con un corto tempo de carencia comezou a súa aplicación no seguinte ano.

O texto definitivo inscribíase nos PXOM redactados polos concellos que contemplan a ampliación do solo edificable arredor dos núcleos urbanos en expansión. Intentan mediante normas encadrar o desenvolvemento da edificabilidade, controlar os futuros crecementos urbanísticos, e protexer os solos agrícolas e rurais. Os políticos locais que os dirixen e os aproban, guiados polos técnicos: arquitectos, urbanistas, aparelladores, avogados, partían da idea de que a máis solo edificable, este perdería valor, e polo tanto abarataría o prezo final da vivenda resultante.

Modelo para a corrupción

Na práctica non foi así na inmensa maioría dos concellos do Estado, porque quen determina en derradeira instancia que solo é urbanizabel é o concello mediante acordos cos propietarios finais do chan. E dicir son os promotores inmobiliarios e constructores, que seguindo as normas, determinan onde e como se acabara construíndo. Operan estes mediante os famosos convenios urbanísticos específicos, mediante os planes de reforma interior (PERIs), e mediante as pequenas modificacións coiunturais.

A corrupción urbanística ten o seu caldo de cultivo nestes mecanismos. Uns teñen ou agrupan o chan e outros permiten a súa transformación de uso ca supervisión das Comunidades Autonómicas. Chámanse na xerga oficial "modificacións puntuais urbanísticas". Así adaptar a normativa do urbanismo local é o deporte favorito dos concellos. Dando como resultado agravios veciñais que as explicacións dos técnicos non logran despegar.

Porque costa explicar, dende os concellos e dende as comisións de urbanismo municipais, con pedagogía o por qué, o para qué, e o cómo das decisións adoptadas. Nestes casos os cidadáns supoñen intereses ocultos o senten o peso da actuación política sobre os seus

intereses de cotío porque non entenden o por qué algunhas cousas son feitas de "certa maneira". Instalase desta forma una profunda ferida de desconfianza na cidadanía que acaba poñendo en cuestión os responsábeis políticos, o sistema democrático, e dando armas as posturas mas irracionais do pobo.

O segundo mecanismo que afecta os pequenos propietarios de chan ou pequenos promotores individuais é a maior o menor lasitude na interpretación desas normas de edificabilidade. Todo veciño que teña que pasar polo funil da comisión de obras dos concellos sae o final do proceso ca idea que esta funciona a base de clientelismo partidista. Acaba interiorizando que se rexen na súa práctica pola frase do espadón Baldomero Espartero, liberal e Rexente na primeira metade do século XIX, que repetía a cotío ós seus correligionarios: *"al amigo, el culo; al enemigo, por el culo; y al indiferente, le aplicamos, la legislación vigente"*.

Exemplos prácticos

Todo o anterior plásmase no Concello de O Barco, nos derradeiros anos, nunha serie de presuntas irregularidades que un simple paseo polas rúas da vila e camiños rurais poñen en evidencia. Así en amplos círculos veciñais non se explican dende a racionalidade urbanística certas intervencións municipais, ben por acción ou ben por omisión. Entre outros exemplos, escollidos a boleo: cómo é posible que se deixe levantar unha nave-taller nas Chas, cando e preceptivo que este tipo de edificación soamente pode erixirse en solo tipificado para uso industrial, e dicir debe instalarse de principio no polígono da Raña. O mesmo caso é a ampliación da nave industrial na carreteira de Éntoma fronte do cemiterio. No mesmo eido o concello permite que a empresa que dedícase a manipulación de grafito na Barxa, ocupe pouco a pouco a zoa de policía do río. Tamén a privatización do regueiro de Forcadela, na altura da rúa Eloi Rodríguez Barrio, o permitir o peche do acceso a un parking dun edificio estremeiro.

No tema da edificabilidade véñenme o maxín o caso do número tres da rúa da Estación, edificio de cinco andares, que se permitiu levantar, contraveñendo a normativa, sen dispoñer de prazas de parking. Ou o caso do edificio de sete andares no arranque da Avenida do Bierzo, lindeiro ca rúa Marcelino Suárez, que inutiliza para os coches a vía pública paralela a ponte do ferrocarril, e por riba permitíuselle edificar sobre amplos "boladizos".

Nos temas das licencias no rural é desacougante que soamente sexa nas terras dos arredores de Éntoma, na chaira que se estende até o Muro de Albar, onde se podan levantar vivendas exentas en parcelas de 500 metros cadrados. Norma que empuñe unha manifesta discriminación cos labregos do resto dos núcleos rurais, cunha normativa restrictiva neste aspecto, e que propicia a decadencia e o abandono das nosa aldeas. Hai que recordar que hoxe en día para edificar no rural necesítase dispoñer de partida de dúas hectáreas de terreo.

Pero así e todo o que máis chama a atención na planificación da vila son os casos de cesión de solo ó concello como produto de convenios ou acordos para

urbanizar as terras tipificadas como "solo urbano non consolidado". A lei estipula que neses casos teñen que ser cedidos gratis todos os vías, as zoas verdes, os espazos baleiros, e os necesarios para as dotacións públicas. Mais tamén un mínimo do dez por cento do solo final urbanizabel ten que pasar a propiedade pública, que unha boa xestión debería reservar preferentemente para vivenda social.



O primeiro caso do que hai noticias foi o da finca do Chao, no camiño de Veigadecabo. A cambio da urbanización, cas inmensas plusvalías potenciais, o concello faise co "chalet", en malas condicións, de don Xulián Trincado, e máis unhas escasas tegas arredor. Tras aceptalo o concello non sabe que facer con el. Nun primeiro momento acorda levar a escola de gaitas municipal, logo o conservatorio, logo a colección de pintura, e finalmente o acaba cedendo a "asociación de amas da casa", que o usan como local social da entidade.

O seguinte é o caso da finca Lameiro, na rúa Euloxio Fernández. Era unha viña mercada a familia Arias Quirós por Ambrosio Lameiro, emigrante retornado de Cuba e Porto Rico e alcalde da vila perante a guerra civil, para levantar a súa residencia nos anos vinte. Os seus herdeiros véndena a finais de século, a un emprendedor do sector do alterne, en cristián dono de "puticlubs". Nun primeiro momento a casa de típica tipoloxía indiana, perante o inicio do proceso de redacción do PXOM, exclúise do catálogo de edificios protexer. Parece que os técnicos municipais, e o alcalde, non a consideraban con suficiente valor arquitectónico para tela en conta. Ante a estrañeza manifestada polos veciños os técnicos redactores do PXOM, tamén instados dende Patrimonio, deron lentos pasos para intentar incluíla. Estando o edificio perante meses no limbo patrimonial, produto das distintas posturas da coalición, PSOE-BNG, que gobernaba o municipio: o alcalde seguía a defender a súa exclusión; o edil responsable de urbanismo facía ambiguas e coidadosas declaracións para incluíla no catálogo patrimonial "pero despois de aprobar previamente a recalificación da finca", novedoso procedemento que non se intentou no resto dos casos semellantes con edificios a protexer; a noite anterior a que o concello tomase a decisión definitiva a casa Lameiro derrubouse. Polo que contan, a casa aterrorizada ante o nacemento arredor dun xardín mariñeiro: áncoras, cadeas de petroleiros, maromas, etc., guindouse contra dunha padeadora, co resultado de esborrallarse. A conseguinte multa urbanística legalizou o "suicidio" e liberou a totalidade da finca para a súa entrada no

mercado do solo da vila, que o concello apresurouse aprobar ca aceptación do específico Plan Especial de Reforma Interior, o PERI nº 7. Ao pouco o acordo da preceptiva cesión do 10% do chan permítelle ó concello salvar a cara, e reservar un anaco da finca ca finalidade de erguer un xulgado comarcal.

Outro acordo de cesión e o producido pola urbanización da finca da Casa do Riocigüeño. (Lugar de tortura e exterminio, ligado dende 1936 a triste memoria dos que defenderon as liberdades republicanas). Mediante el o concello faise co vello caserón en ruínas no medio dunha parcela de 3.400 m². O acordo é unha bicoca para os propietarios que cédennlle ao concello a parte da finca con menor potencial urbanístico e por riba desfanse dunha casa catalogada de escaso valor arquitectónico. Séguese neste caso a política de conservar as ruínas, ca intención de conxelar os centros históricos, como se está a facer co Casco Vello. Favorécese así, dende o criterio prioritario da edificabilidade, un dos ensanches máis feos de Galicia. Explicase este feito dende o repudio a modernidade, ou, polo menos, pola desconfianza de que o moderno poda mellorar as vantaxes do antigo. Para elo a continuación o concello cede a casa a Xunta de Galicia, que en vez de demolela e aproveitar o solar, restaura a ruína con unha partida de 60 millóns de pesetas a cargo dos presupostos autonómicos máis unha aportación de 160 millón de pesetas dos fondos rexionais europeos. A Xunta destínaa a dependencias dunha Fundación Valdeorras, choio de subvencións, da que tan necesitados dela estabamos co fin de dispoñer de unha sala de exposicións e dun centro "telemático" empresarial. (Que vai ti a saber que é e quen o usa).

Tamén chamou moito a atención dos veciños a venta dun solar municipal, a outro "empresario" do sector do "alterne" en Calabagueiros, estremeiro co Centro de Saúde. Vendese por arredor de 40 millóns de pesetas no 2005 cando o valor de mercado roldada os 200 millóns. A venta xustifícase pola intención do "empresario" de levantar un xeriátrico, e poñer a disposición do concello unha serie de habitacións para persoas necesitadas. (Confiamos que non acabe sendo un gran bordel). Non hai que esquecer, porque é de dominio público, que un técnico do concello traballa de "tapadillo" asesorando a construción desa residencia para a terceira idade.

Un urbanismo distinto é necesario

Son estes claros exemplos da falta de visión urbana do concello, cando non dunha estraña mirada estrábrica dos homes que o dirixen e o xestionan. Mentres o prezo da vivenda no Barco sigue a medrar, que fai case imposible para as novas xeneracións acceder a una vivenda digna, o concello sigue a buscar chan público onde poder levantar as reiteradas promesas de promocións de vivenda social. En fin o urbanismo no Barco perante os derradeiros anos non aportou nada novo en canto planificación do espazo urbano. É unha "modernización" das actuacións iniciadas e desenroladas dende o ocaso da dictadura.

¿Qué é o que diferencia a vila que temos hoxe en día da que foi desenrolada pola dereita nos seus mandatos

municipais?. Soamente a extensión, mais as défcits urbanísticas seguen a ser as mesmas. E eso é así por que os presupostos do que parte a planificación están enmarcados estrictamente na dinámica da ganancia. Non asumen que a planificación obedece a intereses contrapostos que fan das rúas e lugares urbanos un dos espazos da confrontación. Para compensar e camuflar o resultado inténtase, mediante mecanismos ideolóxicos, que no espazo público desapareza a desigualdade social facendo un eloxio do civismo. Se potencia un consenso no que cidadáns libres e iguais acordan convivir con preceptos abstractos de boa conducta. É o conto de fadas da aspiración pequeno burguesa xestionada dende o poder municipal. No medio dese discurso planifícase a vila que é vendida para que o máis feroz dos liberalismos a deprede e faga de ela un bo negocio. Vemos así, cada día, como acaban entregándoa o desorde especulador.

REPÚBLICA, ESCUELA

Viti

Res pública, la cosa pública, gestión del pueblo y sus intereses. A esto le suena a uno la palabra y la fuente latina, romana, de donde procede como sistema de gobierno. Responsables de esa gestión salidos del pueblo y para el pueblo. Es la idea más o menos vaga que sugiere esta palabra y forma de gobierno y un poco lo que recordamos y alcanzamos en el tiempo los que peinamos canas y tuvimos una fugaz experiencia, porque fugaz fue su realidad, y esa pequeña experiencia envuelta en la nebulosa de unos pocos años de nuestra niñez, nebulosa más agrandada por la convulsión de la contienda civil de la que recordamos algo, no demasiado, a los que nos coincidió en zona poco conflictiva de la que nos quedad una idea bastante difusa.

Pero en la niñez lo que recordamos más vivo fue la experiencia de la escuela unitaria, muy numerosa por cierto, en el caso de mi pequeño pueblo, como en todos de entonces. Seríamos como unos cuarenta y la fuente de la que bebía la instrucción entonces venía de ese planteamiento republicano del gobierno, cosa que después cambiaría al concluir la contienda, la guerra.

La idea que yo recuerdo dentro de esa nebulosa en la lejanía y la convulsión que sufrió el país es de unos maestros, el mío también, defensores de la cultura y la libertad y entregados a los mismos valores con la escasez de medios de entonces. Verdaderamente entregados a sus ideas y con la filosofía de entonces, un poco aquello de la letra con sangre entra pero eficientes. El maestro en lo cultural y social lo era todo.

Ese afán de enseñar y aprender se me entremezcla con las carencias de años críticos. Por ejemplo recuerdo el frío y los sabañones, de paso que aprendíamos a leer con aquel bendito tocho del Quijote, tocho que apenas podíamos aguantar en las manos ateridas y ver con dificultades por el humo de la estufa que no tiraba, y el deterioro del libro que había pasado por infinitas manos

no excesivamente cuidadosas con la cultura. Cada día un alumno iba, en inverno, con su fajo de palos para atajar el frío de una zona máis dura en ese aspecto por la proximidad en la montaña. Mi vago recuerdo de la niñez es el de un maestro entregado, duro acaso máis con sus hijos, pero absolutamente eficiente. Esta es la idea recordada que nos queda de los maestros de entónces.

Y cuesta querer entender, si este era el espírito de aquella escola, por qué tuvo que cambiar en sistema de enseñanza tan eficiente y que si se decantaba e inclinaba máis por alguien sería por los máis pobres y necesitados.

Como el maestro de entónces no nadaba en la abundancia, máis o menos con un sueldo estatal mísero, recuerdo cómo ayudábase las casas a remediar algunhas penurias, de él y su familia.

Dice María Antonia Iglesias en su recientísima obra sobre los maestros de la República "¿quién 'canonizaría' algún día a estos otros santos, que fueron los maestros republicanos?"



UN MESTRE NO RECORDO

Charo Álvarez

A miña nai contoume un capítulo da súa vida moi fermoso, aínda que sacrificado. A súa época escolar, que estaba condicionada polo tempo, frío ou calor, primavera ou inverno, decidía a súa estancia na escola. Se chovía moito ía de día á escola, senón ía polo solpor ata xa entrada a noite.

Para ela era un regalo ir á escola, gracias a aquel mestre que me describiu, don Luengrín (non lembraba os apelidos). Era sevillano, vestía roupa escura e camisa impecablemente branca. Non era moi guapo, aínda que co sorriso amplo e compracente daba confianza.

Vivía na casa da señora Elodia (viúva retornada do Brasil). Naquela casaña na costa da "Carreira" que tiña unha azotea pequena, con parras ó redor, e plantas que penduraban polas paredes de pedra que nunca se murchaban. Naquela casa había cortinas e cadros exóticos, con o solo de madeira brillante, que dábase aspecto de luxo comparado coas nosas, sempre con pegadas inoportunas das terras e da corte dos animais.

A escola estaba na casa dos Gayoso-Díaz, e asomaba a un gran corredor de madeira, paralelo a outros dous máis adornados con mazorgas de millo. Alá ían nenos e nenas no horario de día. A miña nai case sempre pola noite cos que tiñan que acompañar ás súas

familias nas labores da labranza.

A relación era moi boa co mestre. Sendo andaluz, gustáballe que se falase en galego. Ensinaba moitos xogos e de vez en cando poñía música, cunha gran gramola, para que os nenos bailasen. Era unha festa. Ós nenos e nenas que asistían á escola a diario axudábase moito, porque lles podía facer un seguimento, como ó Sixto Álvarez, ó Fernando López e á Pepita do Carballal.

Era moi amigo do pai e da nai. Tiñan conversas longas cando se encontraban na malla do pan, na vendima, ou cando meu pai picaba leña no corral, para secas castañas, na caniceira. Tamén do Pepe Gayoso, do Pepe e Segundo García. E contábame a miña nai que ían todos eles de ronda co Florencio de Córcomo, porque este cantaba moi ben e namorada ás mozas.

Nesa época no pobo pouca xente obraba con liberdade. Poucas familias vivían do seu. Os demais, gañaban o xornal para dous ou tres terratenentes, ós que servían coma cans fieis: ata farían de espías para que as demais familias dependieran dos seus amos. Era unha situación case feudal.

O que máis lembra da súa vida escolar é unha gran festa á árbore. Consistiu en plantar árbores á beira dos camiños e nas airas. Mobilizouse toda a xente nova e vella. Os homes abrían o buraco e os máis xoves plantaban a árbore nas rúas de Portela e Córcomo (daquela non había fronteiras). Simultaneamente cantábase aquela canción que os oitenta e catro anos aínda ten moi presente:

"Cantemos al árbol que hemos de plantar / ¡Si lo protegemos del hombre y del viento / luz y riqueza dará! / Para el aire puro, campestres aromas; / para el caminante, / regalada sombra. / Templará los rayos de la luz del sol. / Por entre sus ramas, / colgarán las aves sus nidos de amor. / Es el árbol el símbolo agosto / de la industria, el progreso y la paz.

Ved los montes cubiertos de sombra, / cual detiene la nube al pasar. / Como arrancan del suelo las raíces / de agua fresca a copioso raudal. / Fertilizanse cerros y valles, / los ganados se ven prosperar, / el país antes árido y pobre / se hace luego abundante y feraz. / Fomentemos la fiesta del árbol / a la Patria queremos honrar."

Isto contaba a miña nai coma outras tantas historias interesantes da súa vida. Tamén lembro eu de aquelas segredas e misteriosas intrusionas ó desván dos meus avós paternos. Mergullábame nos papeis, nas libretas e apuntes do meu pai. Estaba todo gardadiño en carpetas, atadas coidadosamente: debuxos perfectos, caligrafía simétrica e paquetiños de fotos, bolsos repuxados polos mouros de maneira artesán que trouxo á miña nai cando estivo a servir o rei en África, libros de Arxentina que falaban dos "gauchos", fotos de cando el era pequeno en Cuba... Esa arca de madeira familiar é hoxe un baúl onde aínda se conservan pegadas as certificacións de haber atravesado a cordilleira dos Andes, de haber viaxado de Cuba a Bos Aires.

Eu voaba as aventuras que me transmitía aquel neno viaxeiro, aínda sendo pequeno e que rematan na aldea. Fillo único duns pais que o adoraban. Puber-adolescente, no que miña nai puxo os ollos, vendo nel a un "chico" de cidade.

Cando comezou a Guerra Civil desapareceu o mestre da súas vidas. Non souberon nunca se o trasladaran, se foi á guerra, se foi ó exilio ou morreu. Pero quedou con eles a súa personalidade mesturada de admiración e morriña, amais da ledicia de ter sido nenos e nenas daquel Mestre que lles ensinou a ser persoas honradas.

DECONSTRUÍNDO A FREUD

Xosé Luis Arias

"...antes por cinco marcos, o mesmo Freud te trataba. Por dez, tratábate e planchaba os pantalóns. Por quince marcos, Freud permitía que ti o trataras a él e iso incluía unha invitación a comer".

Woody Allen.

1.- O SUXEITO DIVIDIDO

Vén de celebrarse no 2006 o "ano de Freud", cumpríuse o cento cincuenta aniversario de seu nacemento. En afortunada expresión de Paul Ricoeur, forma xunto con Marx e Nietzsche o chamado grupo dos mestres da sospeita; tres tipos perigosos capaces de facer tremar as máis sólidas bases de calquera modelo social.

Creador da sicanálise, "descobridor do inconsciente", nun principio pensa estudar Dereito, pero a lectura dun ensaio atribuído a Goethe "Sobre a Natureza", inflúe para que se incline pola Medicina, aínda que as súas verdadeiras inclinacións eran a Bioloxía e a Filosofía, (segue cursos de F. Brentano sobre a Lóxica de Aristóteles).

En Trieste comenza as súas primeiras investigacións sobre as glándulas sexuais das anguías, e publica un traballo sobre a anatomía do sistema nervioso dunha larva de lamprea, tamén descobre as propiedades analxésicas da cocaína.

Dun tipo tan curioso coma este podería esperarse calquera cousa, incluso que se atrevera a furgar no dominio dos sucesos síquicos inconscientes que determinan a nosa maneira de pensar. Intentou desenmascarar ás institucións sociais como factores determinantes da represión das nosas pulsións instintivas e para elo enfrontouse á sociedade burguesa liberal da que formaba parte, poñendo de manifesto a falsidade de tódalas "ilusións": familiar, relixiosa, política, etc.

Importante é destacar que a propia sicanálise foi paulatinamente sendo absorbida pola ideoloxía que estaba a desenmascarar, caendo nunha dialéctica de difícil superación: represión instintiva como motor do desenvolvemento social e liberación desa represión como crítica das institucións sociais encargadas de levala a cabo.

2.- A SICANÁLISE: É UNHA CIENCIA?

Freud foi seguidor dun modelo de pensamento estritamente científico-natural presente na investigación neurofisiolóxica á que pertencía entre outros, Herman von Helmholtz, ("no organismo non existe ningunha outra forza actuante cás denominadas físico-químicas"), e no seu traballo "Estudos sobre a Histeria", Freud resalta que ten a intención de presentar os procesos síquicos: "como estados determinables cuantitativamente dunha parte material demostrable"; proxecto que finalmente fracasaría xa que non puído establecer neurolóxicamente a diferenza fundamental entre procesos conscientes e inconscientes, (núcleo básico da sicanálise).

Esta consideración da sicanálise como unha ciencia "especial", como unha rama da sicoloxía científica: a sicoloxía do profundo, do inconsciente, é obxecto de múltiples críticas. Manténdose na acepción forte da palabra ciencia, é dicir no eido das chamadas ciencias Positivas (Físico-Experimentais) que desenvolven o método hipotético-deductivo, Mario Bunge sitúa á sicanálise como exemplo de pseudociencia xunto á parasicoloxía, astroloxía, etc.

Tanto a teoría sicanalítica como a técnica terapéutica esta-

tación ad hominem que empregan os sicanalistas para rexeitar toda posible crítica, segundo eles todo aquel que a exerceira estaría manifestando o fenómeno da resistencia e confirmando así a hipótese sicanalítica sobre ese fenómeno (1); o que parecen esquecer os defensores desta argumentación é que a "resistencia" é tamén un proceso inconsciente que a posteriori estase a utilizar como mecanismo de fuga ante calquera posible observación que cuestione as teses da sicanálise.

Tampouco se pode suscribir no mundo da técnica como dominadora da natureza xa que non satisface os criterios das ciencias da observación, porque non hai, nin "feitos" nin hipóteses", nin "leis" no sentido científico do término.

Variando o ton da crítica, menos despectivo pero tamén moi incisivo Gustavo Bueno propón aplicar á sicoloxía dinámica freudiana a categoría antropolóxica de hetería soteriolóxica (2). A palabra grega hetería empregábase orixinalmente como asociación política (Aristóteles, Tucídides) e as veces filosófica, na procura da salvación ou a felicidade (sotería) e tiñan por misión, < salvar ós individuos ós que se supoñía extraviados a escala antropolóxica de personalidade > de seu contorno (p. 21)


As heterías estarían formadas en base á figura antropolóxica do individuo flotante, individuos descontentos dos pláns ou programas colectivos, que se acollen á iniciativa de salvadores que lles ofrecen a posibilidade da súa recuperación mediante o lema "atópate a ti mesmo", "realízate". Dentro da hetería, socializan o seu propio desfalecemento na procura da tranquilidade e felicidade. A sicanálise como institución viría a substituír nas sociedades modernas, mutatis mutandis, á famosa Academia grega de Epicuro.

Para Bueno a < doutrina sicanalítica é unha teoría que utilizando os modos estilísticos do razoamento científico non pode considerarse en xeito algún coma unha doutrina científica, categorialmente pechada, senón máis ben coma unha dogmática escolástica, incluso unha mitoloxía > (p. 13). Ó non haber unha instancia obxectiva de verificación e tampouco unha correspondencia entre a metodoloxía empregada e os resultados prácticos, entón a actividade síquica do suxeito é irrelevante á dogmática sicanalítica, e os seus contidos poden ser tanto reais coma creacións ficticias no pulo de vencer esas resistencias, que fagan presente a súa verdade nos interminables enlaces causais levados a cabo polo terapeuta en cuestión, e que a postre van intentar solucionar os males do paciente.

A sique humana é obxecto de estudo hoxe en día nas neurociencias cognitivas, deixan de lado as vivencias subxectivas persoais e a interpretación de síntomas clínicos, para basearse na verificación de hipóteses científicas relegando a sicanálise a unha especie de heurística que permite desenvolver hipóteses, pero que precisan de experimentos neurosicolóxicos (técnicas de formación de imaxes) para facilitar a investigación cerebral que possibilite comprobar os procesos síquicos, descartando así que os conceptos sicanalíticos teñan algunha incidencia nos diagnósticos neurocientíficos.

De calquera maneira, ós representantes da institución sica-

nalítica non parece preocuparles demasiado o estatuto científico da sicanálise, xa que consideran que seu material de traballo consiste precisamente en aquilo descartado polas ciencias, e que obriga a establecer un uso da racionalidade na fronteira entre o que se pode ou non dicir con sentido.



3.- QUE ME PASA DOUTOR?

Todos deberíamos pasar polo diván en busca desa terapia capaz de poñer a flote a natureza das nosas neuroses. Vencendo as "resistencia" fariáanse conscientes toda unha serie de conflitos internos reprimidos dende a infancia e que permanecen atrapados nesa fenda escura chamada inconsciente.

Pero a praxe sicanalítica en lugar de socializarse, (por que non mediante a Seguridade Social?) quedou reservada a un sector da pequena burguesía culta, liberal rexeitándose o tratamento para aqueles enfermos? que non posúan segundo Freud certo nivel cultural; obreiros traballade! que vós non tedes neuroses, a vós tocovous a siquiatría (afortunadamente).

Que non hai liberación individual sen liberación colectiva é algo que puxeron de manifesto os creadores da escola de Frankfurt no intento de unir sicanálise e marxismo (Horkheimer, Adorno, Marcuse, etc). Plantexan unha análise crítica das formas de vida do Eu alienado en prexuízos e cobardías, que pasaría pola liberación de todos e cada un dos membros constituintes da sociedade; (sendo obvio que non se dan as condicións para que isto se leve a cabo) rexeitan que se poidan representar os movementos sociais e a loita de clases segundo o modelo dunha relación médico-paciente. <... Non é de estrañar que a sicanálise se reducida a miúdo a unha cerimonia, liturxia que a orde imperante consegue explotar, o sicanalizado acude a sesións reiterativas e amorfas onde seu desexo de verdade esterilizase, á par que o sicanalista gaña seu pan...>(3). Se aínda queda alguén despistado que todavía non se enterou de que vai a chamada "cura sicanalítica", aí lle vai esta perla de Jorge Alemán (un dos máis brillantes sicanalistas arxentinos) aparecida o catro de Maio deste ano no cultural de El Mundo.

<...Na cura sicanalítica non se trata nin de adaptación, nin de establecer un equilibrio, nin de aumentar a "autoestima". Operacións que Freud concebiría como narcisistas e por tanto empobrecedoras da experiencia subxectiva. Máis ben trátase, unha vez reducidos os síntomas mórbidos e as "inhibicións", de "saber facer" co incurable que habita en cada un. Elevar o síntoma incurable á dignidade dun estilo de vida.....>. Non me digan que non lles entra gana de curarse.

4.- ADDENDA

Ninguén a estas alturas pon en dúbida o que supuxo a sicanálise como instrumento que facilita o desenmascaramento de formas de vida alienadas, que en moitas ocasións, se sustentan nunha instrumentalización da linguaxe distorsionada (Habermas) que oculta diferentes relacións de poder (M.

Foucault), á vez que pon de manifesto a fragmentación dun suxeito que cando fala; non só non di o que di, senón que ademais di outra cousa; lapsus, actos fallidos, o inconsciente estruturado coma linguaxe (Lacan).

Algúns intelectuais desorientados (pequenos gurús) insisten, non se sabe se como rescoldo de seu pasado "revolucionario", ou debido a unha oculta <vocación ecuménica> ou tal vez, como efecto colateral das súas propias neuroses en promocionar unha determinada visión do humanismo; en salvar á humanidade.

Interpretar a obra freudiana para tratar de levantar o veo de ignorancia, que cubre boa parte dos cidadáns que habitan nas sociedades capitalistas é unha tarefa que ó mismísimo Freud lle importaba un comino, xa que para él está claro que debe ser unha minoría a que domine e conduza a masa proletaria; na súa derradeira entrevista con W. Reich en Setembro de 1930 afirma: <non é o noso propósito, nin a fin da nosa existencia salvar o mundo>.

Desencantados de proxectos de salvación colectiva, a menos que calgamos de novo en redencións que ou ben teñen tintes marcadamente relixiosos, ou ben se trata de delirios políticos de acentuada ideoloxía totalitaria (panfletos libertarios).

A que se debe entón este titánico esforzo de heroes solitarios empecinados en salvarnos?

No máximo esplendor da sociedade capitalista avanzada, onde todo resulta felizmente administrado até o punto de que sentirse satisfeito pasa por aceptar a máis absoluta pasividade ante os medios de formación de masas (García Calvo) e onde o que se entende por real, non é máis que a faciana afable da insensatez presente nun determinismo económico/ecolóxico contra o que non queda máis saída cá resignación. O pensador alemán Heidegger, mal considerado por Savater como <antihumanista> foi quen mellor soubo propoñer camiños -sendas cara ningunha parte- persoais que ás veces se confunden con delirios místicos, pero que ían orientados na procura da serenidade capaz de dismantelar o modelo ontolóxico da subxectividade como medida de tódalas cousas.




En pleno apoxeo nihilista e coa serenidade transformada en ruído, o heroe intelectual, que se presenta como guía salvador e referente dilúese na figura do traballador (E. Jünger); millóns de heroes que non soportan máis sermóns sobre o Ben e o Mal, e que se conforman con aprender a sobrevivir có autoengano e a mentira, que non é pouco. Por iso gritan á vez: Viva Papá Noel!

1) Mario Bunge. "A Investigación científica" pp, 54-60. Ed: Ariel

(2) Gustavo Buano. "Sicanalistas e Epicúreos" pp, 12-39. El Basilisco nº13 (1ª época).

(3) Victor G. Pin. "Fose amarga.....". Culturas nº 222. Diario16(1989)

RECENSIONES



Los años de la prostitución en España
Joan Cantarero
Ediciones B
Barcelona, 2007


Joan Cantarero é un periodista de investigación cun amplo curriculum, que traballou para a asociación estatal dos donos de bordeis (Anela). Como consecuencia desa experiencia preséntanos este libro. Traballo minucioso e perigoso dun submundo até ese momento opaco. Nel describe o negocio facendo os retratos dos personaxes máis importantes, dos acordos entre eles, da localización xeográfica dos "hoteis", ou da xestión dos macro puticlubs. Así mesmo tamén podemos facernos unha idea de onde proceden as profesionais e en que condicións traballan, amais das pequenas corruptelas con membros do aparato do Estado que facilitan a súa expansión e impunidade.

Pero o máis interesante do libro é que conta toda a montaxe levada a cabo pola Anela para intentar legalizar en España a prostitución. A finalidade perseguida é aparecer no futuro como empresarios do "alterne", acadando certa patina de respectabilidade, e facilitando o lavado das grandes cantidades de "diñeiro negro" do que dispoñen. Non hai que esquecer que a prostitución e o segundo sector económico a nivel mundial que move máis cartos, equiparado o nivel da droga, e soamente superados polo mercado das armas. O conto da leiteira acabaría concretándose cá entrada na CEOE como patronal asociada.

Cantarero relata que toda esta campaña estivo orquestrada polos dirixentes dun partido da extrema dereita valenciana "España 2000", que iniciaron unha ofensiva explicativa dos beneficios da prostitución nos medios: prensa, televisión, radio, apoiados en "famosos do mundo da información rosa", que sacaron bos réditos por participar. Ante as críticas recibidas dende diversos movementos sociais, entidades relixiosas, partidos políticos, colectivos feministas, etc., Anela chegou a montar unha fantasmal asociación de prostitutas cá intención de frear calquera oposición ética.

Mais no que a Valdeorras se refire explícase o desenrolo da convención que co ese fin os proxenetes realizaron no Barco no ano 2005 e a que asistiron os alcaldes de O Barco, A Rúa e Petín, así como outros políticos comarcais, entre eles o presidente do PP da vila barquense. Ante a idea reverencial de que "Pecunia Non Olet", todos eles contribuíron, algún inocentemente, a darlle ó suceso certo aire de respectabilidade. Queda tras ollar o libro a inquietude por si Valdeorras pasará a ser máis coñecida no resto do Estado polo mundo escuro da prostitución que polos sectores creadores da riqueza comarcal como son os viños ou a produción de lousa.

Faltan no libro referencias, aínda que aporta interesantes datos sociolóxicos sobre o mundo dos "macarras", á análise do fenómeno humano da prostitución, dende o punto de vista das que exercen o oficio, dende o punto de vista dos clientes, ou das organizacións que loitan pola erradicación da explotación sexual das mulleres. O final da lectura queda certa sensación que é moito máis o que oculta que o que conta. **F. G.**



Pío XII y el III Reich
Saul Friedländer
Editorial Península
Barcelona, 2007

Esta investigación, a primeira edición do ano 1962, revela a partires de fontes documentais diplomáticas, sobre de todo dos embaixadores alemáns na Santa Sede, as tripas das relacións da Alemaña nazi co Vaticano nos negros anos da IIª Guerra Mundial. Apoiase tamén, en menor medida, con documentos procedentes de arquivos israelís e norteamericanos.

O historiador Saul Friedländer (1932), xudeu checo, os seus pais morreron no campo de exterminio de Auschwitz, vai desgranando arredor do desenrolo da guerra a política vaticana impulsada polo Papa Pío XII. Ó cardenal Eugenio Pacelli de extracción social aristócrata, cunha formación integrista, e unha dura experiencia persoal perante a revolución espartakista de Baviera, condicionárono para non enfrontarse cá tiranía hitleriana. Así pasou por alto e non denunciou os intentos de paganización da Alemaña levados a cabo por Hitler e os seus secuaces; a desfeita da nación polaca; a ocupación da Francia; a persecución de un pequeno sector do clero católico alemán, que acabou nos campos de concentración.

O libro ademais de todos estes feitos documentados tamén relata as manobras do Papa para posibilitar unha paz entre Alemaña e as democracias occidentais. Política diplomática que incentivou a partires do desastre de Stalingrado e cando xa se avistaba a posible derrota final nazi. Excluída calquera negociación con Alemaña, que non levase aparellada a súa rendición incondicional por parte de Churchill e Roosevelt, a quen menosprezaba por masón, as súas manobras volcáronse en atopar unha saída que levase a contención e derrota dos bolxeviques, que no seu ateísmo vía unha clara manifestación dos cuzos infernais.

O máis sobrecolledor do traballo é que pon de manifesto o desinterés co que a Santa Sede abordou a cuestión do exterminio xudeu. Desolú as continuas denuncias que algún nuncio europeo lle facía chegar dende a Europa ocupada. Non protestou polas leis racistas impulsadas por Mussolini en Italia; non quixo ver a deportación dos xudeus italianos; ignorou as "razzias" nazis feitas na mesma Roma, cidade da cal era o bispo, para deter os hebreos e que se desenrolaron, como quen di, baixo as súas palatinas fiestras. No libro queda probado que Pío XII e a curia vaticana non soamente non miraron na traxedia do holocausto senón que se negaron a escoitar e recibir, a altura de maio de 1944, ós dous grandes rabenos de Palestina que querían que intercedesen polos xudeus húngaros ós que lle estaban aplicando a "Solución Final", ante o empuxe do exército roxo.

Seguindo a aptitude de Pío XII vemos como, no día de hoxe, Benedito XVI, perante unha visita ó complexo de Auschwitz-Birkenau, en maio do 2006, en vez de interrogarse ante as cámaras do gas "qué facía a Igrexa neses anos?", invocou publicamente "por qué, Señor, toleraches isto?". A contestación xa fora dada, con menos retórica, polo filósofo Adorno, tras coñecerse as atrocidades nazis, con un lacónico: "Dios morreu en Auschwitz".

Esperemos que na apertura o público dos documentos sobre o papado de Pío XII dos arquivos vaticanos, anunciada para o 2009, completen os aspectos menos desenrolados da investigación, que hai máis de 45 anos levou con especial empeño e clarificador resultado Saul Friedländer. **F. G.**

MANUEL BLANCO PASCUAL



Manuel Blanco Pascual naceu en Lleida no ano 1900. A comezos dos anos vinte emigra a América, pasa por Nova York, e establece varios anos en Cuba, durante a ditadura de Miguel Primo de Rivera, onde se dedica a fotografía.

Retorna no ano 1927, e acaba montando un pequeno estudio fotográfico na rúa

san Roque do Barco, co que se gaña a vida. Convértese de esta maneira no retratista das paisaxes do concello e das familias máis acomodadas da vila, cas que acaba mantendo una boa relación. O mesmo tempo colabora en revistas de información xeral coma "*Vida Galega*" e esporadicamente en periódicos de ámbito rexional como "*El Pueblo Gallego*" de Portela Valladares, editado en Vigo. Neste último ilustra os artigos que enviaba o seu corresponsal na vila, o galeguista Casimiro Fernández Pérez-Villagómez "Xan das Cousas", co que o unía unha forte mistade.

Dende os comezos da República milita no grupo de inspiración trotskista Oposición Comunista de España (OCE), que lideraba Andreu Nin e que tiña certa influencia na súa provincia natal, Lleida. Parte da súa familia tamén militaba nese partido.

O seu compromiso e traballo político fará que sexa elixido, xunto con Juan Marey por Lugo, delegado da provincia de Ourense para asistir en marzo de 1932 a IIIª Conferencia Nacional da organización feita en Madrid. Dela sae o novo partido Izquierda Comunista de España (ICE), do que formará parte da súa dirección, o Comité Ejecutivo. Era a ICE unha organización marxista cun ideario antiestalinista e enfrontada ó Partido Comunista. Blanco Pascual foi un dos militantes que impulsaron a constitución da Federación Galega do partido que tiña implantación en Lugo, A Coruña, Teixeiro, Ferrol, Pontedeume, Vigo, Ourense e o Barco.

Despois da revolución asturiana de outubro de 1934, Izquierda Comunista fusionase co Bloc Obrero i Camperol para crear o POUM (Partido

Obrero de Unificación Marxista), en setembro de 1935. Blanco Pascual non se integra nel xa que forma parte da minoría que avogaba polo "entrismo" nos partidos socialistas ou comunistas, seguindo as recomendacións de León Trotski para a intervención dos antiestalinistas no proceso político en España. Ségueno nesa opción os seus camaradas do Barco, pero non os que militaban no concello de Rubiá que acaban integrándose no POUM.

Comeza o seu achegamento ó PCE que ca constitución e triunfo, en febreiro de 1936, da Frente Popular posibilita que sexa elixido primeiro tenente-alcalde de O Barco de Valdeorras. A corporación municipal estaba presidida nun primeiro momento por Eulogio Gavela Vega, da Izquierda Republicana. A dimisión deste ó cabo de varias semanas fará que Blanco Pascual pase a desempeñar provisionalmente o cargo de alcalde. Será o primeiro comunista da provincia que dirixa un concello. O novo Gobernador civil Gonzalo Martín March, de Izquierda Republicana, non asume este feito, e tras a toma posesión do Goberno civil nomea alcalde a Abdón Blanco, secretario local de Izquierda Republicana.

Co golpe militar do 18 de xullo, Blanco Pascual, participa na defensa da legalidade republicana organizando os grupos de milicianos da comarca. Co avance dunha columna de gardas civís e falanxistas dende Petín, que acaban tomando o Barco o día 21, Blanco Pascual formará parte dos frentepopulistas que foxen en dous camiños cara Ponferrada. Ó saber que ésta atopábase no poder dos sublevados deciden dirixirse a Asturias. Na aldea de Vila de Palos, no Bierzo, teñen un enfrontamento armado nun control levantado por gardas civís e militares que fai que se dispersen en distintas direccións: uns cara Asturias polo monte, e outros cara Portugal, e algún retorna a Valdeorras.

Blanco Pascual decide internarse na comarca leonesa da Cabreira. Permanecendo escondido unhas semanas até sanear dunha gripe que arrasaba desde que saíra do Barco. Unha vez repostado establece contacto cos fuxidos que sobrevivían polas serras dos arredores de Valdeorras e intégrase nas súas partidas. Finalmente diríxese de novo a Asturias polas montañas onde consegue chegar a mediados de outubro de 1937, unha semana antes da caída definitiva do fronte asturiano en poder do exército franquista. Tras a desfeita do fronte do norte logra pasar a raia de Francia e posteriormente exiliase no México, onde morre antes de poder retornar a Galicia. F.G.



COMPROMISO E VERDADE

No mes de xullo do 2005, inaugurouse, en Souleacán, un monumento en recordo de Domingo Rodríguez e Amalia López, matrimonio fusilado pola Lexión na máis negra posguerra. É unha limpa louxa de pizarra ergueita na beira do camiño onde foron asasinados e onde están enterrados. Nesta emotiva homenaxe, arroupados polos veciños, estiveron presentes as fillas, Consuelo e Antonia, así como os netos, chegados expresamente de Francia, país onde acabaron exiliándose, despois de participar na guerrilla antifranquista. Cá inserción do seguinte texto que son as palabras que dirixiu ó público presente a neta **Irma Ríos Rodríguez**, en nome da familia, o Ateneo quere sumarse, aínda que "a posteriori" á homenaxe, así como tamén reivindicar a memoria do resto da familia: Roxelio, Sebastián, Afonso e Domingo, heroes do pobo, que asómesmo perderon a vida pola súa oposición a un réxime persoal de terror.

Empezaré por dicir en nome de mi familia de la que soy, por un día, el portavoz, unas palabras de agradecimiento a todos los que obrando por la recuperación de la memoria contribuyeron a que se pudiera rendir este lindo y conmovedor homenaje a los abuelos. En particular al Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras mediante su alcalde, Alfredo García Rodríguez; a la pedánea de nuestro pueblo, Asunción; a José Antonio Gurriarán, escritor y periodista; a Santiago Macias, escritor. Todos ellos protagonistas de esta página de historia que estamos viviendo juntos y que hoy día nos permite con este acto, cuán simbólico, mantener viva esa memoria colectiva que hace la esencia de un país.

Los abuelos, como tantos españoles, fueron víctimas de la barbarie humana que se desató durante la guerra civil y los años que siguieron. No eran políticos, eran unos campesinos que luchaban por llevar una vida mejor y sólo las circunstancias históricas de aquel entonces determinaron su trágico destino.

Entonces preguntareis ¿Cuál fue su crimen? Primero: haber sido los padres de unos hijos, Rogelio y Sebastián, que optaron por luchar en defensa de la libertad saliendo de las filas del ejército franquista, en las que habían sido incorporados. Segundo: siendo estos ya huidos en el monte, haberse negado a dar su paradero, prefiriendo el silencio que les conduciría a la muerte a la infame denuncia.

Así fueron fusilados por la Legión, mandada por el teniente Sergio Peñamaría del Llano, el 18 de octubre de 1939, en este camino, en el que yacen desde entonces. Lo fueron como numerosos españoles, anónimos o no, matados en curvas, pozos o montes siniestros.

Con el tiempo la vida fue recobrando su curso, las heridas esfumándose, y ellos, quedaron apartados de la historia oficial hasta este inesperado día de julio que los sacó de esa insidiosa plaga que es el olvido y que para nuestra familia significa un renacimiento. Muchos se preguntarán por qué no hemos sacado sus restos para darles una sepultura decente. Sencillamente, para que no se pueda olvidar, y sean, por su presencia en este camino, hoy ameno, el testimonio de un pasado funesto y doloroso que nunca más deseamos volver a vivir. Porque, si es cierto, que la historia no se repite, si pueden surgir nuevas formas de totalitarismo y de violencia ciega, como por desgracia, lo comprobamos a diario. Por eso, es esencial, transmitir a las nuevas generaciones estos ejemplos de barbarie para que tomen conciencia del tesoro inconmensurable que significa la democracia, para que no se dejen, un día, atraer por el canto de las sirenas de la intolerancia y actúen en el futuro por edificar un mundo de paz, libertad y fraternidad.